

PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS NO CAMPUS DE ELVIÑA-A ZAPATEIRA DA UDC

RESUMO E SELECCIÓN DE ACTUACIÓNS PREFERENTES

Manuel Soto Castiñeira, Director OMA-UDC. A Coruña, setembro de 2013

A partir do documento do Plan de Xestión de Residuos no Campus de Elviña e A Zapateira da UDC (residuos asimilábeis a urbanos, excluídos os residuos de laboratorios e outros residuos perigosos especiais), elaboramos o presente resumo, no que se identifican e seleccionan as actuacións a desenvolver de forma prioritaria durante o curso 2013-2014. Estas actuacións encádranse nalgunha das seguintes tres tipoloxías:

I. Infraestructura:

- a) Revisar e actualizar o sistema de contenerización e recollida selectiva
- b) Implantación de novas infraestruturas de xestión *in situ* (compostaxe, clasificación de residuos ...)

II. Informativo, educativo e de xestión:

- a) Campaña de comunicación que alcance toda a comunidade universitaria,
- b) Campañas dirixidas a colectivos e servizos específicos.

III. De seguimento, inspección e avaliación:

- a) Identificar e clasificar axeitadamente cada fluxo de residuos, e determinar a súa cantidade e composición.
- b) Obter os indicadores de realización de obxectivos.

MODELOS DE XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS

A) Fluxos principais de residuos

Estes fluxos corresponden ás seguintes 4 fraccións, que actualmente contan con contenedores na rúa: MO, PC, V e EnL (+outros materiais reciclábeis ou fracción seca). As vías de xestión deste residuos son as seguintes:

- Materia orgánica (MO): xérase nos servizos de hostalaría. Cada un destes servizos disporá ben dun sistema de recollida separada en contedor, ben dun sistema de compostaxe *in situ*.
- Vidro (V): xérase principalmente nos servizos de hostalaría. Recollerase separadamente en contedores de rúa, como se ven facendo na actualidade.
- Papel e cartón (PC): xérase en todas as dependencias. Implantarase un sistema de recollida separada, segundo a Alternativa I (so contedores de rúa e servizo municipal de recollida) ou II (recollida intracentro e servizo dunha ONG para a súa clasificación e comercialización).
- Envases lixeiros (EL) e outros materiais reciclábeis (MR): xérase en todas as dependencias. Recollerse separadamente en contedores de rúa, como se ven facendo na actualidade.

As actuacións a realizar prevén dúas alternativas distribuídas espacialmente para a xestión da materia orgánica. A compostaxe in situ, que actualmente se realiza nos centros de Filoloxía e Arquitectura, estenderase aos outros dous centros da Zapateira mediante compostadores estáticos (modelo Filoloxía) e posteriormente a algúns dos centros de Elviña de menor xeración. O resto de centros terá que facer uso dos contedores específicos para MO. Para os novos centros da Zapateira con compostaxe (Ciencias e Aparelladores) serán necesarios ao menos 2 compostadores de 1050 L en cada caso. Porén, estas actuacións terán que deseñarse sobre o terreo, e tendo en conta outros factores como a localización final destes servizos.

Para vidro, estímase necesario instalar dous contedores novos. A súa localización concreta deberá negociarse cos servizos usuarios. Recoméndase adquirir dous contedores de porta ampla con chave e sistema de axuda de carga, que se situarán un diante da Facultade de Ciencias, como servizo común aos tres centros que rodean a Praza da Fraga, e outro diante de Ciencias da Comunicación (Rotonda de Elviña), como servizo para todos os centros desa ala do campus de Elviña.

No caso do papel e cartón (PC), propomos a consideración prioritaria da Alternativa I, a máis simple e que non implica infraestrutura adicional de importancia, xa que se fundamenta na utilización dos contedores de PC existentes na rúa, mantendo o actual sistema diferenciado da Facultade de Socioloxía. Requer centrar os esforzos na coordinación cos servizos de limpeza, para acadar a implantación efectiva desta recollida selectiva. Estímase necesarios 3 contedores pequenos (120 L), e poderían precisarse algúns outros medios de segregación interna.

Cadro resumo “Principais fluxos de residuos”

Fracción	MO		V	PC		EL
Alternativa	I	II		I	II	
Modelo						
Destino	Nostián	Compostaxe UDC	Reciclaxe	Reciclaxe (papelote)	Reciclaxe ONG	Nostián
Infraestruturas necesarias (OMA, conc.)	2 Cont.	4-6 Comp. +1-2 Área comp.	2 Cont. c/sistema de carga	+3 Cont. 120 L	41 Cont. 1 Local	-
Xestión	OMA	OMA	OMA	OMA	OMA	OMA
Formación e seguimento	OMA	OMA	OMA	OMA/ Centros	OMA/ Centros	OMA
Centros	Elviña	A Zapateira	Todos	Todos		Todos

A alternativa II para PC consistiría nun sistema de recollida interna nos centros en contedores de 120 L (similar ao de Socioloxía) e na participación dunha ONG que se encargaría do transporte do PC recollido nestes contedores a un local de almacenamento e clasificación, para a comercialización de distintas fraccións de papel e cartón usados. A nivel de infraestrutura, require a dotación de 41 novos contedores de PC de 120 L e un local de dimensións e acceso axeitados. En ambas, alternativas, a implicación dos servizos de limpeza (e evacuación de residuos) é chave para recoller os residuos xerados nas diferentes dependencias e entregalos ben nos contedores de rúa (alternativa I) ou de planta (Alternativa II).

O número actual de contedores para EL (31 nas dúas áreas do campus) xúlgase suficiente para atender as necesidades de recollida desta fracción. Estudarase a súa redistribución, se for necesaria. O obxectivo é evitar a entrada nestes contedores doutro tipo de residuos non indicados.

B) Outros residuos

Cadro resumo “Outros residuos”

Fracción	Aceite vexetal	Equip. Inform.	Residuos MUPI (CDs/DVDs/móbiles/Pilas/lámpadas)	Pilas	Tóners	Tubos Fluor. /lámpadas	Avíos	Aparatos laborat.
Destino 1	Reciclaxe	Reciclaxe (FIC)	Xestor autorizado (SIX RAEE)	Concello	Empresas reutilizadoras	Xestor autorizado (SIX RAEE)	Reutilización	Reparación
Destino 2		Xestor aut. (SIX RAEE)			Xestor autorizado (SIX RAEE)		Xestor autorizado	Xestor autorizado
Infraestructuras	Conces.	FIC	MUPIs (OMA)					
Xestión	Conces.	Centros	OMA	Centr.	Centros	Centros	Centros	Centros
Formación e seguemento	OMA/Concessionarias	OMA/Centros	OMA	OMA/Centr.	OMA/Centros	OMA/Centros	Centros	Centros

Identifícaronse ademais unha serie de fraccións, que deben ser obxecto de recollida e xestión separada, segundo se indica a continuación:

- Aceite vexetal: xerado nos servizos de hostalaría, a responsabilidade da xestión será destes centros, encargándose a UDC da supervisión e rexistro de resultados. Todos os servizos deberán contar con servizo de recollida separada e entrega a xestor autorizado.
- Equipos informáticos: Manterase o actual servizo de reparación e reutilización de equipos informáticos operativo na Fac. de Informática, mentres os resto de residuos deste tipo destináronse a recollida e entrega a un xestor autorizado (SIX RAEE).

Estudarase a posibilidade dun convenio con European Recycling Platform (ERP), sexa de forma directa ou dentro do proxecto Green Campus.

- Pilas e baterías: manterase o actual sistema de recollida nas conserxerías de cada centro.
- Tóners e cartuchos de tinta: manterase o actual sistema de recollida nas conserxerías de cada centro.
- CDs/DVDs/móbiles: Instalaranse puntos de achega (MUPIs) para estes residuos, nos que tamén se recollerán teléfonos móbiles, pilas e lámpadas. Propónse instalar dous equipos MUPI, un na Praza da Fraga (A Zapateira) e outro en Elviña (perto da rotonda).
- Tubos fluorescentes e lámpadas de baixo consumo: para os residuos deste tipo xerados nos centros, habilitarase un sistema de almacenamento e retirada periódica.

Agás no caso dos aceites vexetais, de cuxa xestión serán responsábeis servizos de hostalaría nos que se xeran, e os residuos recollidos nos MUPIs, dos que se responsabilizará a OMA, cada un dos centros serán responsábeis da xestión destas tipoloxías de residuos e de xerar a información necesaria sobre a súa xestión, cantidades xeradas e destino.

MEDIOS E ACTUACIÓNES NECESARIAS

Equipamentos

Os modelos de xestión e as infraestruturas necesarias xa se describiron no apartado anterior deste resumo:

- 2 contedores 120 L para materia orgánica
- 3 contedores 120 L para PC
- 2 contedores para vidro, con sistema de axuda de carga
- 4-6 compostadores estáticos
- Instalación de compostaxe tipo Filoloxía, con sistema de cerre lateral e painel explicativo e pequena ferramenta (pá, forca, volteador, etc)
- 2 equipos MUPI

Actuacións de tipo informativo, educativo e de xestión

As actuacións a nivel Informativo, educativo e de xestión inclúen campañas de comunicación que alcancen toda a comunidade universitaria, e campañas dirixidas a colectivos e servizos específicos. As persoas encargadas destas actuacións deberán coñecer a fondo tanto a actual xestión como as medidas propostas.

Con este obxectivo, son prioritarias as seguintes actuacións:

- *Comunicación deste plan ao Concello da Coruña e xestión consensuada dos cambios propostos na contenerización e servizo de recollida*
- *Reunións específicas coas persoas responsábeis dos servizos de hostalaría*
- *Reunións específicas coas persoas responsábeis dos servizos de limpeza*
- *Reunións específicas coas direccións dos centros*

Outras actuacións encamiñadas a estes mesmos fins son:

- Formación do persoal bolseiro da OMA
- Publicación web e difusión do Plan de Xestión de Residuos no Campus de Elviña-A Zapateira da UDC
- Elaboración dun tríptico ou folleto e un cartaz explicativos
- *Elaboración dunha Presentación powerpoint para a exposición nas aulas*
- *Planificación da incorporación aos pregos dos próximos concursos dos servizos afectados de medidas de prevención e redución de residuos.*

Actuacións de seguimento, inspección e avaliación

As actuacións de seguimento, inspección e avaliación inclúen a identificación de cada fluxo de residuos, e determinar a súa cantidade e composición, así como a obtención dos indicadores de realización de obxectivos do presente plan.

Entre as actuacións a levar a cabo, son prioritarias:

- Caracterizacións cuadrimestrais dos contedores e fluxos de MO, PC, V, EL e MUPIs.
- Recollida, análise e avaliación dos datos de xeración e xestión doutros tipos de residuos (Equipos Informáticos, Pilas, Tóners e cartuchos, Tubos Fluorescentes e lámpadas, Avíos e Aparatos laboratorio) xerados polos centros, así como de aceites vexetais xerados polas concesionarias de servizos de hostalaría.
- Enquisas cuadrimestrais dirixidas a todos os axentes implicados na xestión de residuos, co obxectivo de recoller a opinión destes axentes en relación a marcha da xestión, así como doutros datos relativos á xestión de residuos.

Os procedementos de caracterización de residuos adaptaranse a partir dos empregados pola OMA en anos anteriores. As plantillas e sistemas de rexistro e transmisión de datos sobre as distintas fraccións serán elaboradas e consensuadas cos diferentes axentes. Igualmente, os formularios de enquisa elaboraranse partindo dos empregados pola OMA en anos anteriores.